

REUNIÓN XERENCIA- COMITÉS DE EMPRESA DE PERSOAL LABORAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

ACTA Nº 13

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Xerenta:

Raquel María Souto García

Vicexerente de Recursos Humanos:

José González Groba

Redacción da acta:

María Isabel Fernández Uría

COMITÉ DE EMPRESA PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (CCOO, Presidente)

Margarita Turnes Negreira CCOO)

Alejandra Álvarez Silva (CCOO)

María del Carmen Rodríguez Prieto (CCOO)

José Estevez Vázquez (CCOO)

Carlos Mollinedo Lois (CIG)

Juan Eduardo Calzado Díaz (CIG)

Roberto Otero Ledo (CIG)

Pablo Álvarez Rodríguez (UGT)

Rita Velasco Graña (delegada sindical-CCOO)

COMITÉ DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (CIG, Presidente)

José Manuel García Eirín (CIG)

Rodrigo Alberte Pivida (CIG)


César Gómez Gómez (CIG)- Escusa ausencia

María Carmen García Meijide (CIG)-Escusa ausencia

Os representantes da Universidade e dos Comités de Empresa do PAS laboral mantiveron unha reunión ás 12:00h, do 14 de decembro de 2020 na Xerencia, coa seguinte

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta pendente da reunión anterior.
2. Estrutura procesos selectivos PAS laboral grupo III.
3. Rolda de intervencións.



Página 1 | 4

1. Lectura e aprobación se procede da acta da reunión anterior.

Dado que non se produciron alegacións á acta nº12 enviada, apróbase por unanimidade e asinarase presencialmente na xerencia.

2. Estrutura procesos selectivos PAS laboral grupo III.

A xerenta comeza a reunión dicindo que se enviou a estrutura dos procesos selectivos do grupo III para posteriormente enviar o temario específico correspondente a cada convocatoria, ao igual que se fixera no seu momento cos grupos I e II. Engade que a estrutura é similar á deses grupos cambiando o número de preguntas. Respecto do temario, considerouse oportuno incluír na parte común as materias de Igualdade e Protección de datos, tendo en conta que xa hai formación do persoal ao respecto, aínda que é unha cuestión que se somete a negociación.

O Presidente do CEO di que lle parece axeitado o argumento da xerencia de incluír eses temas na parte común e non na específica. Por outra banda, di que as persoas que se seleccionan deben ter un tempo suficiente acorde aos coñecementos sobre a materia, e iso non é sempre así, polo que habería que reflexionar sobre as preguntas e o tempos que se dan. Ao seu parecer, os 110 min que figuran na convocatoria parécenlle escasos, cre que deberían ser alo menos 120 min. Engade ademais que lle parece igualmente curto o tempo de 130 min que se dá nos grupos I e II, como xa tiña manifestado anteriormente na negociación da estrutura deses grupos.

A xerenta entende o exposto polo presidente do CEO e logo de que no chat moitos dos asistentes manifesten tamén estar de acordo, di que non pon impedimento a que así sexa.

Polo tanto, acórdase por unanimidade que o tempo de realización do primeiro exercicio dos grupos I e II pase a ser de 140 min e o tempo do grupo III sexa de 120 minutos. Acórdase tamén que tanto a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais como o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, pasen a formar parte do temario común.

Pablo Álvarez propón eliminar do temario algunhas partes do Estatuto da Universidade de Vigo así como eliminar o tema do Estatuto dos Traballadores porque xa hai un tema do Convenio Colectivo que en moitas cuestións mellora o establecido no Estatuto.

A Xerenta respondo que, no se refire ao Estatuto do Traballadores pode negociarse, pero calquera persoa que entre a traballar na Universidade de Vigo debe coñecer o Estatuto da Universidade.

O presidente do CEO tamén coincide en eliminar do temario o Estatuto dos Traballadores para o grupo III.



A Xerenta está de acordo con eliminar do temario o Estatuto dos Traballadores pero no que se refire aos Estatutos da Universidade de Vigo pide aos Comités que lle acheguen unha proposta nos vindeiros días para poder estudala.

O Presidente do CEPO pide unha segunda reunión porque se enviou a proposta con moi pouca antelación e o Comité de Pontevedra non tivo tempo de reunirse.

A xerenta responde que non habería ningún problema para ter esa segunda reunión un día da seguinte semana para poder pechar este asunto antes de que acabe o ano.


3. Rolda de Intervencións

A xerenta comunica que se van abrir as Bibliotecas das 9:00h ata as 21:00h. Aínda que nun principio non se tiña pensado que así fora, finalmente decidiuse abrir dada a limitación de aforos nas bibliotecas dos concellos. O Servizo de Pas está traballando para facer as contratacións.

O Vicexerente de RRHH explica o tema relacionado co exame de galego. Di que nos procesos que están en marcha houbo bastantes preguntas por parte dos tribunais en relación a este exame. Dende a xerencia, considérase pertinente incluír nas convocatorias de calquera dos grupos, unha referencia para que o tribunal nomee asesores da Área de Normalización Lingüística (ANL). Por outra banda, explica a problemática do animalario, xa que dado que require unha atención continuada ten que haber unha persoa no nadal. Dende o Servizo de Pas comunícase que está esgotada a lista do animalario, polo que para reforzalo neste nadal a opción é acudir ás listas do INEM, tal como prevé o Convenio Colectivo. A xerencia quere propoñer a posibilidade de facer un proceso de ampliación de listas de Técnico Especialista de Animalario tendo en conta ademais que, respecto ao anterior proceso, houbo variacións legislativas que esixen uns requisitos que afectan ao persoal que traballa nestas dependencias. Para a reunión da semana que vén, tentaríase presentar unha proposta para poñer en marcha un proceso para contar cunha listaxe de persoal dispoñible que cumpra cos requisitos necesarios.

O Presidente do CEPO di que lle parece fundamental o asesoramento da ANL nas probas de galego xa que se trata dunha proba que pode determinar a posición de cada aspirante. En relación ao animalario, tamén cre que as ampliacións de listas son imprescindibles, pero lembra que sería necesario que o primeiro exame dun proceso fora o suficientemente accesible para poder contar cunha lista de agarda ampla para que así non se xere o dobre custo de volver a poñer en marcha outro proceso de ampliación de listas.

O Presidente do CEO cre que por defecto se debería incluír o nomeamento dun asesor da ANL en todos os procesos. En relación ao animalario, di que non é a única categoría que non ten lista de agarda incluso hai prazas vacantes por non haber lista de agarda. Para atallar a urxencia do animalario, non hai moitas alternativas á plantexada, xa que en outras categorías tamén se ten acudido ao INEM aínda que vaia en contra do desexable. Por último, mostra o seu acordo co exposto polo Presidente do CEPO en relación a que se están deixando fóra das listas a persoal



con formación que podería cubrir perfectamente as necesidades estruturais que vaian xurdindo.

Pablo Álvarez propón que para un futuro se dispoña dun procedemento para crear unha lista de agarda de emerxencia se fora necesaria, para non ter que recorrer de novo ao INEM.

A Xerenta responde que acheguen a proposta a xerencia para poder estudala.

José M. García Eirín fai referencia á apertura non prevista das bibliotecas e pregunta se hai algún problema para contratación a través das listas, xa que as horas extras son excepcionais.

A Xerenta responde que, segundo lle consta, antes de acceder as listas se lle dá a posibilidade aos compañeiros que están traballando de poder facer horas extras.

O Presidente do CEO di que nas aperturas especiais das bibliotecas, a posibilidade de facer horas extras foi algo excepcional que se deu nun momento que non había lista de auxiliares de servizos e era unha emerxencia, pero en condicións normais, tanto auxiliares de servizos como TEB's se contratan dunha lista de agarda.

A Xerenta agradece a aclaración e engade que empezarán cos chamamentos ese mesmo fin de semana. Empraza aos presentes para a vindeira semana.

E sen máis asuntos que tratar remata a sesión as 13:15h.

Three handwritten signatures in blue ink, likely representing the members of the Xerenta (Executive Board) mentioned in the text.